



MOCIÓN

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), RELATIVA A IMPLANTACIÓN DUNHA ESTACIÓN DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE VEHICULOS EN MONTERROSO, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE MONTERROSO (LUGO)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A SITUACIÓN ACTUAL DAS ITV NA ZONA

Dende o Grupo Municipal Socialista somos conscientes de que unha amplísima zona de Galicia do interior, especialmente do suroeste lugués e terras de Chantada e Melide están abandonadas e olvidadas deste servizo. Soamente temos por referencia a ITV na cidade de Lugo e cidade de Lalín. Así que concellos coma : Chantada, Taboada, Portomarín, Guntín, Palas de Rei, Melide, Toques, Santiso, A Golada, Rodeiro, Antas de Ulla e Monterroso veríanse beneficiados por esta medida.

A nosa vila convértese no lugar ideal para ubicar unha ITV principalmente pola súa centralidade.

Dos concellos citados, cinco deles limitan con Monterroso, estando situados nun radio de, aproximadamente, entre 5 e 10 kms da nosa vila. Melide, Santiso, A Golada e Chantada están situados, a maior distancia, pero por debaixo dos 25 kms.

Monterroso, pois, ofrece unha primeira nota a favor: **A CENTRALIDADE.**

Outra nota a destacar, é sen dúbida, as importantes vías de comunicación, entre eses concellos con Monterroso e sen esquecer que tamén conta cun amplo polígono industrial con dispoñibilidade de solo no que se podería albergar este servizo tan importante.

Tamén cabe destacar que Monterroso é **Nudo de Equilibrio Territorial**. Esta consideración, situación administrativa e de carácter territorial é o mellor aval de Monterroso.

A Xunta de Galicia, en Decreto 19/2011 de 10 de febreiro (DOG 22/02/2011) pola que se aprobaban as Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, recoñecen a capacidade de Monterroso para acoller novos **servizos supramunicipais**. E este é un deles.

Na vila de Monterroso hai outros importantes servizos, que establecen fluxos de cidadáns/ás cara a nosa vila.

Dispoñemos dunha Oficina Agraria Comarcal, dun Cuartel da Garda Civil, dun Centro Penitenciario, dun Centro de Saúde que presta servizos de asistencia sanitaria a veciños de varias vilas, tamén un Instituto de Ensino Secundario, no que se instrúen alumnos de varios concellos citados, dunha Oficina Técnica de Correos, instrumento moi interesante para cidadáns de todo tipo , pero especialmente para dar servizo a empresarios e empresarias, etc.

Por iso, dende O Grupo Municipal Socialista pretendemos a través do pleno do Concello de Monterroso, tentar convencer á Administración Autonómica de que é preciso crear unha ITV en Monterroso, por razóns socioeconómicas, e tamén políticas. Porque non hai que esquecer que o Centro de Galicia, ven ser a expresión máis clara da enorme fenda, que se está a producir, entre a Galicia atlántica e a do interior, con moitos menos recursos.

A nosa vila dispón, ademáis, dunha ampla rede de talleres mecánicos tanto para vehículos coma para tractores, así como talleres de electrecidade do automóbil, así como tamén un servizo de grúa as 24 horas, suficientes para calquera reparación ou incidencia a que houberse lugar, a saber:

Talleres Fente

Carrocerías Santiso

Neumáticos Besteiro

Talleres Mosfer
Talleres Gómez Fontao
MM Racing
Serrano Motor
Talleres Agro de Vila
Talleres San Cristobal
Taller Eléctrico Jose Luís
Talleres Vence
Grúas Lalín-Deza

Neste contexto, as administración públicas, deben de expandir servizos públicos e investimentos, e se pode ser, nun marco de cooperación cos concellos e por todo isto instamos ao Pleno do Concello de Monterroso a adopción do seguinte acordo:

- 1- Instar a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia a que estude a viabilidade técnica e económica da implantación dunha nova estación ITV en Monterroso.**
- 2- O compromiso do Concello de Monterroso coa Xunta de Galicia, para ceder unha parcela no Parque Empresarial, nas condicións que se determinen, así como a bonificación do 95 % do ICIO.**

Monterroso, 16 de xuño de 2022.

O Voceiro:

Asdo: Rafael García Figueiras

Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Monterroso (Lugo)